



Manifiesto con motivo do Día Internacional para a Eliminación da Violencia contra as Mulleres

25 de novembro de 2024

O 25N, Día Internacional para a Eliminación da Violencia contra as Mulleres, é unha cita histórica e colectiva na que participamos tamén as universidades, para lembrar a nosa responsabilidade e actuar como motor de cambio e de transformación cara a unha sociedade máis xusta e libre de violencias machistas. En concreto, é o noso deber propiciar espazos de debate profundo e favorecer a investigación crítica sobre os impactos e as afectacións da violencia machista, así como sensibilizar de que a violencia machista se produce en todos os ámbitos, tamén no universitario, e en todos os estratos sociais, con independencia da orixe socioeconómica.

Ao longo destes anos conseguimos avanzar en canto á concienciación social e hoxe podemos dicir que tras casos moi mediáticos e numerosas campañas de grande impacto social, xerouse o rexeitamento e o repudio da maioría da sociedade. No entanto, queda moito por avanzar e é indubidable que nese avance o papel das universidades resulta crucial. As nosas institucións deben contribuír a esa transformación, en xeral, mediante a concienciación social e, en particular, a través da aplicación e fortalecemento de mecanismos sancionadores, que garantan unha tolerancia cero fronte ás situacións de violencia machista e acoso que se dean na universidade.

Non en van, a Constitución española dispón que lles corresponde aos poderes públicos promover as condicións e eliminar os obstáculos para que a igualdade sexa unha realidade na nosa sociedade, evitando situacións de acoso e de discriminación a partir do deber de debida dilixencia. Este deber é, á vez, a nosa ferramenta para actuar alén dos mecanismos sancionadores e intervir desde a prevención, coa finalidade de transformar o contorno, e a reparación para poñer no centro a atención ás necesidades da vítima.

As universidades son a mellor contorna posible para xerar reflexión crítica sobre o que significa un espazo educativo seguro para as mulleres; para identificar os factores de risco e as formas posibles de discriminación por razón de sexo en cada un dos distintos contextos; para deseñar e implementar campañas de sensibilización fronte á violencia; e

para activar accións comunicativas que axuden a visibilizar as manifestacións de violencia machista que aínda hoxe permanecen normalizadas. Estes son só algúns dos retos que a institución universitaria debe afrontar para potenciar a nosa misión preventiva, e que convén compasar co debate e a reflexión académica en materia de xustiza restaurativa. É preciso traballar na reparación para evitar a repetición, pensando e creando mecanismos de acompañamento, o apoio e a reparación adecuados no ámbito universitario que teñan en conta a dimensión material e simbólica, así como a individual e colectiva, aplicando a perspectiva de xénero, interseccional e de dereitos humanos en todas as políticas universitarias e trasladándoa a todas as accións da universidade.

Pero todo ese labor débese levar a cabo admitindo que a universidade non é un universo illado da sociedade na que se incardina, descontaminada de prexuízos. A universidade está formada por persoas, por esas mesmas persoas que forman parte da sociedade á cal debemos contribuír co mellor valor. Por iso, para que as universidades poidamos contribuír fielmente ao labor social que nos corresponde, é imprescindible que as unidades que forman o todo se atopen en condicións idóneas de coñecementos e compromiso. Para que a universidade poida cumprir coa debida dilixencia esa misión, é esencial que exista formación específica en perspectiva de xénero a todos os niveis, non só respecto de quen participa na toma de decisións e das diferentes áreas que interveñen na aplicación das nosas políticas –pois mesmo as políticas aparentemente neutras poden ter derivas discriminatorias– senón tamén respecto de quen desde a docencia e a investigación ten a oportunidade de contribuír a avanzar na igualdade efectiva de mulleres e homes, e a erradicar a violencia contra as mulleres. As nosas universidades deben dispoñer de medios e de recursos para poder afrontar con entusiasmo ambas as tarefas.

E ese entusiasmo ten que alcanzar hoxe a cota máis alta posible, pois atopámonos nun contexto global no que o avance do movemento feminista, que conseguiu desafiar e cuestionar estruturas patriarcais, conflúe coa emerxencia de movementos reaccionarios de extrema dereita, que buscan atacar e poñer en risco dereitos alcanzados, como o aborto, a coeducación ou o recoñecemento ás diversidades. É importante ser conscientes deste escenario para non escatimar no esforzo e no compromiso de erradicar as violencias machistas. Nese sentido, é importante lembrar que os avances logrados conquistámoslos a través da acción colectiva, entre entidades, grupos e organizacións. Foi a colaboración de voces diversas e de experiencias compartidas a que nos permitiu superar obstáculos e avanzar na consecución de dereitos, e esa colectividade é unha das fortalezas que temos as universidades como motores do cambio social.

As universidades abaixo asinantes forman parte da Red de Unidades de Igualdad de Género para la Excelencia Universitaria:

Universitat d'Alacant	Universidad de Almería	Universidad de Málaga
Universitat Autònoma de Barcelona	Universidad Autónoma de Madrid	Universidad Miguel Hernández de Elche
Universitat de Barcelona	Universidad de Burgos	Universidad de Murcia
Universidad de Cantabria	Universidad de Castilla-La Mancha	Universidad Nacional de Educación a Distancia
Universidad de Córdoba	Universidad Complutense de Madrid	Universitat Oberta de Catalunya
Universidade da Coruña	Universidad de Cádiz	Universidad de Oviedo
Universidad de Deusto	Universidad de Extremadura	Universidad Pablo de Olavide
Universitat de Girona	Universitat de Girona	Universidad del País Vasco
Universidad de Granada	Universidad de Huelva	Universidad Politécnica de Cartagena
Universidad de Jaén	Universitat de les Illes Balears	Universitat Politècnica de Catalunya
Universitat Jaume I de Castelló	Universidad Internacional de Andalucía	Universidad Politécnica de Madrid
Universidad de La Laguna	Universitat Internacional de Catalunya	Universitat Politècnica de València
Universidad de La Rioja	Universidad de Jaén	Universitat Pompeu Fabra
Universidad de Las Palmas de Gran Canaria	Universitat Jaume I de Castelló	Universidad Pública de Navarra
Universidad de León	Universidad de La Laguna	Universitat Ramon Llull
Universitat de Lleida	Universidad de La Rioja	Universidad Rey Juan Carlos
	Universidad de Las Palmas de Gran Canaria	Universitat Rovira i Virgili
	Universidad de León	Universidad de Salamanca
	Universitat de Lleida	Universidade Santiago de Compostela
		Universidad de Sevilla
		Universitat de València
		Universidad de Valladolid
		Universitat de Vic
		Universitat Central de Catalunya
		Universidade de Vigo
		Universidad de Zaragoza